

FRA
CAL

Dia das Letras 2016

Canta e cuco

Uxia e Magin Blanco na casa de Manuel María

Merca neste stand a teu libro e contigo unha lámina numerada de Letras Galegas

1978-2016

Un conto á Raza

A GIRAMOLA COMENELA



As políticas culturais en Galicia

MARCOS LORENZO

Marcos Lorenzo é economista e consultor cultural. Socio fundador do equipo BenCuriosa (<http://bencuriosa.gal>) e director do ciclo de cultura contemporánea NEXOS. Coordina o Curso de Experto Universitario en Xestión Cultural da USC.

Ao longo deste artigo realizaremos unha reflexión xeral sobre as políticas culturais en Galicia, sobre os seus principais destinatarios e axentes, os seus obxectivos (implícitos e explícitos) e a súa evolución recente. Deixaremos indicados algúns problemas, abriremos preguntas para suscitar o debate e apuntaremos posibles solucións. Non se trata dun texto académico, senón ensaístico, e, polo tanto, non aspiramos a sentar cátedra senón a mostrar un conxunto de informacións e opinións persoais desde un estilo libre e con certa orde.

Como é ben sabido, a política é unha forma de canalizar o conflito social. Ningunha política é neutra: favorece certos segmentos de poboación en detrimento doutros. O mesmo sucede coas políticas culturais. Se queremos coñecer quen sae beneficiado e quen prejudicado da acción cultural pública, teremos que observar cales son os obxectivos manifestos de política cultural das administracións. E aquí xa atopamos o primeiro escollo: en moi contadas ocasións os obxectivos culturais son explícitos, e cando o son adoitan expresar boas intencións e vaguidades difíciles de cuantificar e que a pouco comprometen. Di Arturo Rodríguez Morató (2012):

Se partimos da clásica distinción en socioloxía das organizacións, entre organizacións que operan con tecnoloxías e obxectivos ben definidos e están sometidos a estritos controis dos seus *outputs* (organizacións baseadas na eficiencia) e outras cuxos obxectivos e procedementos son máis vagos e carecen deses controis (organizacións baseadas na lexitimidade), vemos que as administracións e institucións culturais, que canalizan a política cultural, se sitúan claramente do lado das segundas.

Aínda que podemos identificar numerosas excepcións na contorna estatal e europea, cremos que este principio xeral é particularmente acaído para as institucións culturais galegas. No noso país, a planificación da cultura é unha rareza, así como a elaboración previa de diagnósticos que xustifiquen unha política ou a posterior avaliación de resultados. Polo tanto, se non dispomos de documentos oficiais a partir dos cales discernir que grupo social está sendo priorizado ou subordinado, recorramos aos expertos. Di Pau Rausell (2016):

O gasto local en cultura en España mostra os maiores niveis de ineficiencia, sucumbiu, como noutros casos, ao modelo clientelar e, en xeral, mostra poucos niveis de transparencia e participación.

E a respecto das tomas de decisión dos responsables políticos da cultura, engade:

En primeiro lugar, hai que superar a aproximación ocorrencial e presentar certa racionalidade instrumental. O contexto das políticas culturais viviu baixo unha retórica onde o argumento “culturalista” e a repetición de clichés e lugares comúns foron suficientes para xustificar decisións ocorrenciais. Estas decisións, en moitos casos foron froito da incompetencia, pero noutros moitos serviron para que axentes interesados e *lobbies* secuestrasen o interese colectivo.

Tamén, ao falar das políticas culturais en España a partir da Transición, Lluís Bonet (2016) sinala que estiveron “orientadas á oferta”, foron “manirrotas”, “pouco sustentables a longo prazo”, “miopes a respecto das dinámicas sociocomunitarias” e “clientelares cos produtores”. Polo tanto xa podemos deducir algo. Houbo unha tendencia xeral ao clientelismo e á relación privilexiada entre decisores públicos (responsables políticos ou técnicos da administración) cos produtores de cultura (artistas, empresas, *lobbies* sectoriais), que secuestrou o interese colectivo e que desatendeu a cidadanía e as dinámicas sociais. O retrato encaixa á perfección co que a nosa experiencia indica para o caso galego.

Un dos síntomas da escasa ou nula orientación en Galicia das políticas culturais cara á cidadanía podémolo atopar na demanda cultural. Os consumos culturais galegos son sensiblemente inferiores á media española (201,9 €ano por persoa en Galicia, fronte a 260,1 € en España, para o ano 2014), e non recortamos esa distancia na última década. Non só gastamos menos, senón que o facemos en moita maior proporción en equipos audiovisuais e informáticos que en servizos culturais (asistencia a espectáculos, adquisición de libros, visitas a museos...). E iso se falamos de forma agregada, porque se analizamos os consumos dos diferentes segmentos de poboación en función das rendas, niveis educativos, idades ou hábitats, veremos como a sociedade galega está máis polarizada ca a española e que hai un subgrupo social máis amplo que apenas consome cultura.

Neste sentido, resulta particularmente inspirador o documento “Política cultural 2011-2016”, elaborado polo Consejo Nacional de la Cultura y las Artes de Chile, en que se distingue entre cinco subgrupos sociais a respecto dos consumos, hábitos e prácticas culturais. En efecto, se non diferenciamos os comportamentos de cada

subgrupo dificilmente poderemos perfilar estratexias adaptadas a cada caso, e, polo tanto, as políticas corren o risco de ser inútiles. Desde outro ángulo, o profesor Manuel Gago vén insistindo dun tempo a esta parte en que quizais non exista un único “público galego da cultura”, senón máis ben diferentes públicos ligados cadanseu a determinada disciplina artística (música, cine, literatura, teatro, plástica...) e con escasa conexión coas outras. Conclusión: mentres non dispoñamos dun diagnóstico refinado, non lograremos poñer en marcha políticas eficaces de estímulo da demanda.

Por suposto, o fomento da demanda é unha liña máis, nin sequera a principal, dunha política que sitúe a cidadanía no centro. Hai outras liñas de actuación posibles que teñen que ver co sociocultural e coa participación das persoas no feito creativo. Neste último caso, falaríamos do paradigma da democracia cultural, presente en Europa desde maio do 68 e consagrado en conferencias internacionais a partir da década dos anos oitenta, pero que a Galicia semella que non chegou (salvo contadas experiencias locais). A este respecto cómpre destacar, como unha valiosa excepción, o traballo teórico despregado polo profesor Héctor Pose, quen afondou no enfoque sociocultural adaptado á nosa realidade, e cun particular acento no papel da educación cultural na cidadanía.

As Administracións públicas

Se non hai obxectivos explícitos, se non hai planificación propiamente dita, se as decisións de política cultural son basicamente ocorrencias ou resultado das conversas e negociacións con axentes produtores de cultura, entón interésanos coñecer quen son eses axentes e cales son os seus intereses. Quizais así poidamos discernir quen son os beneficiarios da política cultural.

O axente dominante do mercado da cultura en Galicia (outra cousa é o ecosistema cultural) é a Administración pública. As súas decisións condicionan unilateralmente o conxunto do sector. As empresas, os artistas e profesionais, e o asociacionismo de base non teñen a dimensión suficiente para definir as regras de xogo nin as liñas mestras de desenvolvemento cultural do país. É ben sabido que como mellor se expresan as Administracións e os Gobernos, alén da consabida retórica, é mediante os boletíns oficiais e os orzamentos. Pois ben, se analizamos o gasto liquidado en cultura pola Xunta de Galicia, e polo conxunto de administracións locais (depu-

tacións e concellos de máis de 5.000 habitantes), obteremos os gráficos 1 e 2.

O gasto en cultura reduciuse drasticamente a partir da última crise económica, crebando unha dinámica ascendente de dúas décadas (Xan Bouzada, 2008). No caso da Xunta de Galicia, entre 2008 e 2014 a caída foi dun 62,9 por cento. Entremetres, o orzamento xeral da Xunta mingou no seu conxunto entre un 12 e un 15 por cento, segundo a fonte consultada. No que atinxe ás Administracións locais, o descenso para o mesmo período foi dun 28,1 por cento, menos da metade ca a autonómica. Ademais, nas Administracións locais observamos un repuntamento recente mentres que na Xunta se mantén unha caída constante.

Se comparamos a evolución do gasto liquidado da Xunta co resto das comunidades autónomas do Estado, veremos que a nosa Administración se aplicou nos recortes culturais con maior contundencia (50,8 por cento de baixada media nas comunidades autónomas), a pesar de dispor Galicia dunha lingua propia e dunha cultura diferenciada. Debemos notar que entre 2008 e 2014 non só vivimos unha crise económica, senón tamén un cambio na cor política que goberna San Caetano.

No ano 2014, a Xunta de Galicia destinou un 0,61 por cento do seu orzamento a cultura. Esa cifra contrasta fortemente coa achega do sector cultural ao emprego da Comunidade: un 2,8 por cento do total. O que nos permite cuestionar o mito de que a cultura é un sector hipersubvencionado. Se queremos tomar unha cifra de referencia na nosa contorna, froito da análise comparada de políticas culturais, o profesor Pau Rausell considera razoable que os Gobernos autonómicos asignen a cultura arredor do 2 por cento do seu orzamento, e os municipais entre un 5 e un 10 por cento.

Chegados a este punto cabería preguntarse en que se gastaron eses recursos. Pois ben, neste asunto Galicia leva mostrando un comportamento netamente diferencial con respecto doutros territorios. Se en autonomías como Madrid, Cataluña e o País Vasco o habitual nas últimas décadas foi que os gastos de capital supuxesen un 15 por cento do total e os gastos correntes un 85 por cento, en Galicia as proporcións foron inversas. Até o ano 2012 os gastos de capital en cultura da Xunta de Galicia movéronse arredor do 70 por cento. Iso vén significar, nunha tradución simplificada, que dous terzos do gasto en cultura se encamiñou á construción de equipamentos en vez de a persoal e actividades. A política de inau-




Gráfico 1. Gasto liquidado en cultura pola Xunta de Galicia (en miles de €)

Fontes: MECD. Estadística de financiación y gasto público en cultura, MHAP. Estadística de liquidación de los presupuestos de las comunidades autónomas. Elaboración propia




Gráfico 2. Gasto liquidado en cultura polas administracións locais (en miles de €)

Fonte: MHAP. Estadística de liquidación de los presupuestos de las entidades locales. Elaboración propia

guracións e cortes de cintas é grata para o responsable político e encobre a falla de ideas e de proxecto estratéxico. Noutro artigo resumiamos a situación cun slogan para o futuro: máis equipos (persoal cualificado) e menos equipamentos. Para ser xustos, convén matizar que nos anos 2013 e 2014 se vén detectando un xiro nesa tendencia, e na actualidade os gastos correntes xa superan os de capital. Claro, a cuestión é que co escaso orzamento existente (Pau Rausell, 2016):

Nestes momentos os recursos destínanse basicamente á supervivencia da administración cultural e ao mantemento dos equipamentos ao ralenti.

En coherencia con esta distribución de gasto, a Xunta de Galicia, pero tamén as deputacións e a meirande parte dos concellos, adoece dun severo déficit de persoal. Resulta complexo, por non dicir imposible, deseñar e poñer en marcha políticas de medio e longo prazo, con capacidade transformadora, cando se carece do mínimo

número necesario de persoal cualificado. A vía da subcontratación a empresas prestadoras de servizos ten sentido cando se trata de cubrir necesidades puntuais, pero mostra as súas costuras cando substitúe labores esenciais do servizo público, como definir prioridades e obxectivos, fixar as metodoloxías e os destinatarios, impulsar proxectos en común co tecido cultural ou realizar tarefas de control e seguimento. Unha Administración descapitalizada, sen cadros técnicos intermedios, é volátil, inestable e ignorante (non aprende da súa propia experiencia).

Todo isto ten moito que ver cunha “clase política” que descoñece a importancia das políticas culturais nas sociedades contemporáneas. De feito, con honrosas excepcións, os cargos en cultura adoitan recaer en políticos de perfil baixo, sen peso suficiente para determinar a acción de goberno.

Outros axentes

Ademais das Administracións públicas, hai outros axentes que desempeñan un papel relevante no noso mercado cultural. A súa dimensión e dinámicas de funcionamento son moi dispares. Ao longo deste apartado faremos unha breve aproximación valorativa á situación dalgún deles, en particular do tecido empresarial, do asociacionismo de base, do galeguismo cultural e dos *lobbies* mediáticos. Estes axentes adoitan posuír unha característica común: producen cultura en primeiro lugar para as administracións públicas, en calidade de cliente único ou preferente, e só de forma secundaria para os públicos. Tal e como indicamos liñas atrás, as administracións ostentaron un rol hexemónico no mercado cultural. Falamos en pasado porque a tendencia está a virar (por simple incomparecencia do sector público), provocando un fondo proceso de reformulación en moitos destes axentes, nas súas vías de financiamento, na súa organización interna, na selección dos seus destinatarios, etcétera.

Empresas

O tecido empresarial da cultura en Galicia presenta un debuxo extremadamente atomizado. En 2008, un 92,2 por cento das empresas tiñan entre cero e cinco asalariados. En 2013, xa era o 94,4 por cento. Nese mesmo período, o número de empresas con cen ou máis empregados reduciuse á metade: de vinte a dez. Polo tanto, a crise contribuíu a acentuar esa atomización. A redución dos orzamentos públicos para cultura, sumado ao descenso nos consumos culturais das

familias e á contracción dos patrocinios empresariais (incluída a liquidación das caixas de aforros), explican en boa parte esa evolución.

A xibarización do sector cultural e a diminución do traballo asalariado empurrou a moitos profesionais á vía do autoemprego. A meirande parte destas microempresas unipersoais foron creadas por artistas e creativos que precisaban dunha plataforma para facturar ou que compaxinaban o seu labor creativo con outras tarefas “alimenticias”. Polo tanto, non é de estrañar que, dada a compoñente vocacional do traballo en cultura, moitos destes emprendedores á forza acabasen por asumir condicións precarias e prezos irrisorios polos seus servizos. Ese carácter resiliente explicaría que a caída do emprego non fose máis violenta. Tamén é certo que outros non puideron aguantar o tirón e sucumbiron á emigración ou á hostalería (gráfico 3).

Con anterioridade á crise, foron moitas as empresas culturais que subsistiron grazas á súa proximidade ao poder político, ao amparo de contratos ou subvencións. Sen esa respiración asistida desaparecerían. De feito, algúns promotores culturais foron na práctica unha especie de funcionarios encubertos que percibían ano tras ano as axudas, con independencia da calidade artística ou do tirón comercial das súas propostas, e a cambio dunha certa *pax* sectorial. Neste sentido, os autores do artigo “La política cultural en la comunidad autónoma gallega: de la dependencia a la autonomía” (Lage *et alii* 2012), refiriéndose aos gobernos de Fraga Iribarne, sinalan que as relacións entre a Administración autonómica e o resto de axentes culturais tiñan un carácter “case persoal”. Tamén nesta época se deron casos singulares, como o da compañía de teatro Chévere, cun enfoque máis independente e unha constante preocupación pola xeración e fidelización de públicos. Con todo, non deixa de ser outra das excepcións que confirman a regra. Na actualidade, e por efecto da crise, a situación mudou para todos e a nova realidade obriga a un maior achegamento aos públicos, a unha maior diversificación dos ingresos e a un meirande coñecemento en xestión. Só de forma moi recente comezou a xurdir oferta formativa para atender esas carencias.

A capacidade do tecido empresarial á hora de incorporar os seus desafíos e problemáticas á axenda política é hoxe moi cativa. O grao de asociacionismo profesional e empresarial é desigual, nalgúns casos moi feble, chegando a ser incentivado desde a propia Administración, como nos tempos do Goberno bipartito PSdeG-BNG. É certo que se constituíron dous clústers, o Clúster Audiovi-

sual Galego, que até onde sabemos goza de boa saúde, e o Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego, hoxe reconvertido no Clúster da Comunicación Gráfica. Pero no seu conxunto semella que as empresas culturais optaron por concentrar os esforzos na súa propia supervivencia a través de accións particulares e non colexiadas. Faltou, ao noso xuízo, un diagnóstico compartido, unha batería de propostas non corporativistas e unha maior unidade de acción.

Outro aspecto relevante é o da nula cooperación intersectorial. Se exceptuamos a Asociación Culturalgal, que agrupa diversas organizacións sectoriais co obxecto de organizar a feira anual das industrias culturais, non coñecemos exemplos de iniciativas en común entre as asociacións empresariais da música, da edición, do audiovisual, das artes plásticas ou do teatro. De feito, resulta chocante por que non colaboran, usando a súa lexítima capacidade de presión, para defender obxectivos comúns e para darlle visibilidade social ás demandas do sector cultural. Será, como dicía Manuel Gago, porque son mundos que viven de costas, sen apenas vasos comunicantes.

Tecido asociativo e comunitario

Outro dos axentes que convén salientar é o asociacionismo de base e as redes culturais comunitarias. Non sabemos se no ámbito do mercado, pero desde logo no ecosistema cultural galego son parte esencial do humus e do caldo de cultivo da nosa creatividade. Cando falamos de “redes culturais comunitarias” referímonos a unha miríade de iniciativas de base local, sexan formais ou informais, que canalizan as inxerencias estéticas da poboación. En concreto estamos a falar das bandas de música, agrupacións folclóricas, corais polifónicas, comisións de festas ou colectivos informais de creadores. É curioso como tendo Galicia unha sociedade civil e un terceiro sector tan fraco e fráxil, presenta, con todo, unhas redes comunitarias tan vizosas. Estas redes son invisibles ou permanecen semicultas a ollos do *establishment* artístico, pero moven inxerentes recursos, con frecuencia desde o voluntariado e as entreaxudas, e no caso particular das comisións de festas, descontando as súas prácticas fiscais, sustentan a única “industria cultural” galega apenas dependente dos fondos públicos.

O galeguismo cultural

O seguinte axente que hai que destacar tamén presenta unha contorna difusa. É o que a con-




Gráfico 3. Emprego cultural
Fonte: INE. Encuesta de población activa. Medias anuales.
Elaboración propia

vención veu en denominar “galeguismo cultural”, unha amalgama onde caben persoeiros, asociacións e fundacións, empresas senlleiras, pequenos medios de comunicación e, sobre todo, certas institucións e organismos públicos. Esa constelación é dalgún xeito depositaria do legado intelectual de homes e mulleres comprometidas coa nosa lingua e cultura, e, polo tanto, atesoura un capital simbólico que supón o seu principal activo. Dada a súa composición plural, non exerce o poder monolítico, senón que máis ben inflúe, na medida da súa capacidade para xerar opinión e para representar os valores dunha identidade común. O galeguismo cultural tivo un peso notable canda os primeiros Gobiernos autonómicos, en especial nos tempos de Fraga Iribarne, quen traduciu ese recoñecemento con axudas públicas e concedéndolle o rol de interlocutor válido para pactar iniciativas e normas, como os contidos da Lei de normalización lingüística de Galicia, hoxe derrogada na práctica.

Nos últimos anos, o seu peso foi declinando. Pola menor consideración que a nova dereita política lle outorga, si, pero tamén polas súas dificultades intrínsecas para lograr un maior apoio e adhesión social. Historicamente, o galeguismo cultural administrou as súas cotas de influencia mediante un coidadoso sistema de cooptación e reprodución de elites, moi ao gusto universitario (de onde proceden boa parte dos seus cadros), onde prima a endogamia sobre o mérito, e con escaso aperturismo ás dinámicas sociais. Con frecuencia semellou máis guiado por lóxicas internas, de familias, que pola ambición de expandir e actualizar a nosa cultura cara a futuras xeracións, cara a segmentos da poboación non afíns ou cara ao exterior. Un dos síntomas

desa forma de proceder é a cativa renovación de caras e de estratexias.

O: lobbies

Dentro das empresas que operan no eido cultural hai cando menos dúas que escapan ao escenario debuxado para o conxunto do tecido empresarial. Referímonos aos dous grandes grupos privados de comunicación autóctonos, e máis en concreto ás súas produtoras filiais. A concentración de audiencias arredor destes medios, ou dito doutro xeito, a falla de pluralismo informativo no país, outórganlle unha capacidade de presión política e negociación que lles facilita obter pingües contratos da Televisión de Galicia, de diferentes departamentos da Administración autonómica e de numerosos concellos. Tamén outros medios estatais ou con forte implantación local gozan desas vantaxes.

Ademais do continxente empresarial que orbita arredor da prensa, existe outro pequeno grupo de grandes compañías que tradicionalmente viñan ofrecendo servizos de administración e mantemento de espazos culturais, como teatros e museos, e que dun tempo a esta parte ampliaron o seu catálogo de servizos incluíndo o deseño e a xestión das programacións. Esa prestación de 360 graos ou “chave en man” supuxo nalgúns casos que a toma de decisións sobre aspectos moi relevantes da oferta cultural municipal fose delegada en mans privadas.

A (non) proxección exterior

Os devanditos axentes culturais, tomados no seu conxunto e con sinaladas excepcións no ámbito empresarial (Kalandraka, Nordesía e Vaca Films, por citar algúns exemplos), producen, no mellor dos casos, para o mercado local e apenas participan en proxectos europeos nin se insiren en redes internacionais. Sabemos que a saída ao exterior é un proceso complexo, para o que cómpren recursos, perseveranza e moita proba-erro. Tamén somos conscientes de que a escala mundial hai grandes operadores que controlan moitos dos trampolíns e circuitos, impondo severas condicións aos neófitos que carecen de certa dimensión. Por iso o apoio e soporte da Administración é un factor particularmente sensible. Sen ela, o noso enxame de microempresas ten remotas opcións de éxito.

Nun dos estupendos cadernos sobre estatísticas culturais que edita periodicamente o Consello da Cultura Galega, mostrábase a táboa 1.

Entre 2011 e 2015, o valor económico das nosas exportacións en bens e servizos culturais mantívose, con lixeiras oscilacións, ao redor dos cinco millóns de euros. Diciamos noutro artigo (2017) que, para un sector como a cultura, eses pírricos cinco millóns son a constatación dunha derrota. Se as exportacións da economía galega ascenden a 18.000 millóns de euros, e se o sector cultural representa o 2 por cento do PIB e o 2,8 por cento do emprego, entón a cultura debera exportar dez mil veces máis do que o fai. Sabemos que esa comparación é esaxerada polo feito de que o sector cultural español presenta un grao moi baixo de internacionalización. Aínda así, eliminando ese nesgo, cómpre saber que só representamos un 0,7 por cento do conxunto das exportacións culturais do Estado (para un 5-6 por cento de poboación e PIB). A proporción é suficientemente elocuente e informa de dúas cousas: que a Xunta de Galicia non mantivo de forma sostida unha política de internacionalización que nos proxectase no mundo, e que, ante esa desidia, non é de estrañar que as nosas empresas se refuxiasen no ámbito local. Na actual situación, aqueles artistas e empresas que conseguen traspasar as nosas fronteiras, deberan ser celebrados como heroes.

O dramático de todo isto é a invisibilidade das nosas creacións e expresións culturais na escena global. Se apenas existimos para terceiros, se non mostramos un perfil recoñecible, non só nos diluiremos como identidade, senón que a nosa economía perderá o seu meirande factor de singularidade e diferenciación. Se a cultura non fai as súas propias achegas á “marca Galicia”, desaproveitamos oportunidades para o desenvolvemento, ou, como se adoita dicir en xerga popular, pegamos un tiro nun pé. Por iso no mencionado artigo avogabamos por xogar con intelixencia as nosas bazas, apoiándonos en embaixadores (artistas galegos recoñecidos mundialmente) e activando as nosas redes potenciais, como as comunidades galegas no exterior, o universo lusófono, a conexión atlántica ou celta e as novas camadas de emigrantes cualificados.

Hai política cultural en Galicia?

Pois, depende. Se lle concedemos a etiqueta de “política cultural” a unha panoplia de decisións tácitas e inconexas, entón si, temos unha política cultural. Se, pola contra, elevamos a esixencia metodolóxica e pedimos que as políticas culturais se homologuen ás sanitarias, industriais ou educativas, entón non, nin por asomo temos unha

Evolución das exportacións das empresas culturais en Galicia, segundo división CNAE
2009 (miles de euros). 2011-2015

	2011	2012	2013	2014	2015
18. Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	1.193,9	781,1	773,7	570,9	375,0
58. Edición	3.533,9	3.786,7	3.451,2	3.724,1	1.943,0
59. Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	150,0	85,9	259,2	270,4	525,2
90. Actividades de creación, artísticas e espectáculos	168,3	276,1	41,0	18,1	1.950,9
91. Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	325,5	0,0	0,0	25,0	25,0
TOTAL	5.371,6	4.929,8	4.525,1	4.608,5	4.819,1

Táboa 1

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

política cultural. Nós situámonos nesta segunda interpretación, na do maior rigor e esixencia. Para nós, unha política cultural digna de tal nome “debe partir dun diagnóstico realista, fixarse uns obxectivos explícitos e factibles, dispor dunha dotación orzamentaria estable, desde medidas ben articuladas e coherentes entre si, con indicadores de avaliación claros, e que, en definitiva, responda a un deseño racional e non á suma de ocorrencias ou intereses dos responsables de turno” (2015).

Din Lluís Bonet e Emmanuel Négrier (2011), falando do tema que nos ocupa, que tanto en Francia como en España cada vez hai máis racionalidade, profesionalidade e eficiencia na avaliación de axudas e na provisión de postos directivos (mérito, capacidade), aínda que no caso español aínda existe moita opacidade, elección a dedo e fidelidade política.

É posible que o caso galego siga a tendencia xeral de España, só que a certa distancia histórica e desde unha dinámica propia (os avances son máis lentos e esporádicos, e os retrocesos máis agudos). Se nos fixamos no ámbito do diagnóstico e da produción de información sectorial (peza clave para deseñar políticas), salvo a feliz excepción do Observatorio da Cultura Galega, que emite de forma regular pequenos informes temáticos, vemos como nos últimos cinco anos as

Administracións públicas do país non impulsaron ningunha investigación sobre as principais magnitudes económicas da cultura en Galicia. Que saibamos, desde que existe a Xunta de Galicia, só na época do bipartito se chegou a encargarse un estudo específico sobre os públicos, concretamente das artes escénicas. E tamén até onde nós sabemos nunca se fixo ningunha investigación sobre o retorno social e económico do investimento en cultura. Tamén sorprende que as asociacións profesionais e empresariais da cultura non o demandasen (ou polo menos non nos consta).

No campo da planificación, resulta ostentosa a ausencia en Galicia de plans estratéxicos de cultura ou de cidades acollidas á Axenda 21 da Cultura. En España, nunha rápida busca en Google, atopamos plans estratéxicos en Huelva, Burgos, Cádiz, Vitoria, Álava, Pamplona, Barcelona, Madrid, Castela-A Mancha, Andalucía, Comunidade Valenciana, e está en marcha o de Aragón. En Cataluña dispoñen de plans de acción cultural en Arenys de Mar, Hospitalet, Manresa, Igualada, Sabadell, Santa Coloma de Gramenet, Sant Cugat del Vallés, Vic, Vilafranca del Penedés e un longo etcétera.

Tamén a nosa participación en proxectos europeos é raquítica, moi inferior á media do Estado. Os proxectos europeos teñen a virtude

directa da achega de recursos e a indirecta de que obrigan a dotarse de certas ferramentas de planificación e a habituarse ao seu uso. Corolario: nin temos planificación cultural nin cultura da planificación. Por iso cómpre valorar, como unha iniciativa meritoria e excepcional, a recente aprobación do proxecto “Wom@rts”, liderado polo Auditorio de Galicia (Concello de Santiago) e cofinanciado polo programa Europa Creativa. Oxalá sexa o signo dun novo tempo.

Se pensamos nos nosos municipios, cabería preguntarse cantos concellos, seguindo as recomendacións da Axenda 21 da Cultura, incorporan obxectivos culturais na definición dos seus modelos de cidade ou vila. E viceversa, cantos inclúen na súa planificación cultural obxectivos de desenvolvemento territorial ou de cohesión social. Ou cantos promoven iniciativas transversais con outras áreas (educación, saúde, turismo, promoción económica...). Con frecuencia, tampouco os Gobernos de esquerda elaboran políticas culturais propiamente ditas, limitándose a dotar con máis recursos o departamento correspondente para nutrir a programación.

A risco de resultar reiterativos con anteriores textos nosos queredamos agora salientarmos unha idea: a programación, poñer artistas diante dun público, así sexa con bo criterio e segmentando audiencias, non é o obxectivo central das políticas culturais. As políticas culturais deben primeiramente estimular a creatividade da cidadanía, facilitando a libre expresión da súa conciencia crítica, ademais de colaborar na mellora da calidade de vida da poboación e no desenvolvemento económico do lugar. Facer énfase na programación só evidencia que aínda estamos nos parámetros paternalistas da chamada “democratización da cultura”, é dicir, de achegar a alta cultura (a que producen os artistas) ao pobo. Un concepto de hai máis de medio século.

Segundo Eduard Miralles, as políticas culturais baséanse na actualidade en catro principios: a promoción da identidade, a protección da diversidade, o fomento da creatividade e a consolidación da participación cidadá. Entre nós, do primeiro punto cada vez menos, e, dos tres restantes, case mellor esquecerse.

Porén, esta nosa decantación pola ausencia de políticas culturais en Galicia non se basea só en argumentos formalistas, da falta de método. Tamén en cuestións substantivas, do lado dos contidos. Vexamos algúns aspectos sensibles que botamos en falta. Para comezar, resulta asombroso que en Galicia, un país cunha elevada disper-

sión de poboación e altas taxas de avellentamento, non existan liñas específicas de acción cultural no rural. É dicir, existen oasis de boas prácticas locais, pero non un corpus autonómico de intervención nese contexto, non unha metodoloxía testada que atenda as necesidades dese amplo colectivo.

En segundo lugar, temos no país un rico e denso patrimonio cultural que contrasta coas cativas medidas adoptadas para o seu coidado e preservación, pero sobre todo coa carencia de iniciativas para a súa posta en valor. Di a *Guía para la evaluación de las políticas culturales locales* (VV. AA., 2009) que a protección do patrimonio non é suficiente, senón que este debe ser “interiorizado, asumido, sentido e vivido pola cidadanía”. Pois ben, hai un burato clamoroso en termos de divulgación do que temos e o que somos (divulgación interna, cara a nós, e externa, cara aos visitantes foráneos). Por fortuna, unha morea de iniciativas cidadás e asociativas procuran paliar esa carencia.

En terceiro lugar destacaremos a cuestión da gratuidade na programación pública. O vicio tan expandido de ofertar actividades culturais de balde ten consecuencias nocivas para os artistas e para as empresas culturais: maleduca os públicos ao desvalorizar o traballo artístico e supón unha competencia desleal para os promotores privados da cultura. Por suposto, é tamén o modelo que mellor garante o lucimento do responsable político, como “conseguidor” que reparte pan e circo entre a poboación. É o atallo que empregan algúns xestores culturais públicos, a falta de ideas mellores, para lograr encher o patio de butacas e presentar uns números favorables.

Por suposto, poderíamos engadir máis puntos, como a falla de programas integrais para a promoción das carreiras artísticas dos novos talentos, ou o nulo seguimento e aproveitamento dos nosos creadores emigrados, ou a inexistencia até hai ben pouco dun programa de formación superior en xestión cultural en Galicia. Todos estes puntos transparentan, ao noso xuízo, a falla de visión estratéxica e de ancoraxe na realidade do país das supostas políticas culturais impulsadas desde o nacemento da autonomía.

Algúns boas prácticas

E agora cabe preguntarse: foi sempre así? Todo o que fixemos en política cultural foi tan desganado e mediocre? Por suposto que non. Podemos citar un bo número de boas prácticas que conforman a nosa mellor tradición, unha caste de “xurispru-

dencia” que nos pode servir de inspiración para alumear futuros camiños. É certo que son “iniciativas soltas ou descontinuas, decotío froito do voluntarismo e da visión de individuos ou pequenos equipos, e non chegaron a fraguar nun corpus de acción a escala autonómica que asentase unha política cultural pensada desde, por e para Galicia” (2015). Con todo, cómpre destacalas. Seleccionaremos só cinco, a risco de resultarmos inxustos, para non estendérmonos innecesariamente.

Por orde cronolóxica, mencionaremos primeiramente a etapa de Luís Álvarez Pousa como director xeral de Cultura da Xunta de Galicia. Durante a mesma, de curta duración (1983-85) e baixo o Goberno do PP, creouse o Centro Dramático Galego e o Arquivo da Imaxe. Pero non só iso, tamén foi probablemente o primeiro intento de estruturar unha política cultural no país, tomando como referente o labor de Jack Lang no Ministerio de Cultura francés. Nese período celebrouse o primeiro congreso galego de animación sociocultural, dinamizáronse algunhas programacións culturais que foran a menos, como o Festival de Ortigueira ou a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, e puxéronse os alicerces da Escola de Imaxe e Son da Coruña.

A segunda das experiencias que queremos salienta é o Proxecto Interea (2001-09), froito da colaboración entre a Deputación da Coruña (governada dous anos polo PP e seis polo PSdeG) e as Universidades da Coruña e de Santiago de Compostela. O Proxecto Interea tivo un papel pioneiro e crucial na formación dos técnicos municipais de cultura da provincia da Coruña. Abriu liñas de investigación aplicada para a mellora das políticas, xerou espazos de encontro e foros de reflexión entre profesionais, artistas e responsables políticos, impulsou unha liña de publicacións de guías e manuais, e serviu de escaparate para novas fornadas de creadores coa revista *Interea Visual*. Durante os seus oito anos de vida foi unha iniciativa recoñecida a escala estatal e internacional.

Quizais a mellor práctica cultural do ámbito municipal galego, ou polo menos a que obtivo uns mellores e máis perdurables resultados foi a das bibliotecas públicas da Coruña. Impulsada na época en que José Luis Méndez Romeu (PSdeG) era concelleiro de Cultura da cidade, logrou consolidar e incrementar os hábitos de lectura nunha dimensión incomparable a ningún outro territorio galego. En 2010 prestaba medio millón de libros a usuarios. Nesa mesma anualidade, a segunda bisbarra galega en número de préstamos era Ferrol, con pouco máis de 50.000.

Así mesmo, traballaban daquela nesa rede coruñesa 420 persoas, fronte ás 82 das bibliotecas públicas do Salnés e ás 71 do Morrazo (segunda e terceira bisbarra con maior dotación de persoal en bibliotecas). As cifras de usuarios inscritos, de visitas a bibliotecas ou de acceso dixital seguen a mesma liña.

Pero sen dúbida, desde o noso punto de vista, a etapa dourada das políticas culturais do país foi a lexislatura en que gobernou o bipartito PSdeG-BNG. Non chegou a haber un plan estratéxico de cultura, pero si se incrementaron os orzamentos nesta área, déuselle un peso relevante na acción de goberno, medrou notablemente a actividade, incrementouse a transparencia nas axudas, e, sobre todo, dotouse dun criterio de intervención coherente e integral. Desde a Consellería de Cultura, dirixida por Ánxela Bugallo (BNG), puxéronse en marcha a AGADIC e a Axencia Audiovisual Galega, creáronse a Rede Galega de Música ao Vivo, a Rede Galega de Salas e a Rede Galega de Locais de Ensaio, xurdiron liñas orientadas á internacionalización de artistas, como o Galician Tunes (música) e o Galician Way, redactouse un Plan Galego das Artes Escénicas, consensuado co sector, e unha Lei do libro e a lectura, e tentóuselle dar viabilidade económica ao complexo da Cidade da Cultura de Galicia mediante a constitución da Fundación Gaiás. Tamén é debedora desta época a creación do Observatorio da Cultura Galega, no seo do Consello da Cultura Galega, primeira iniciativa de elaboración regular de estatísticas culturais.

Non queremos rematar este apartado sen mencionar outra boa práctica que, aínda que non se pode considerar unha política cultural, si que contribuíu seriamente á vertebración do tecido cultural galego. Estamos a falar do Culturgal, a Feira Galega das Industrias Culturais, nacido en 2007 (en pleno mandato do bipartito), e desde entón o principal escaparate e punto de encontro anual da nosa produción cultural. A Asociación Culturgal, que xestiona a feira, está composta por diversas asociacións profesionais representativas do sector, a saber, a Asociación Galega de Editores (AGE), a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), a Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), as Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet), e a Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi). Quizais o Culturgal sexa o único espazo estable de diálogo e cooperación entre distintas disciplinas artísticas do que dispomos no país.

A nova dereita e a cultura

A partir da publicación en 2001 do libro de Jon Hawkes, *The Fourth Pillar of Sustainability: culture's essential role in public planning*, na esfera internacional a cultura está considerada como o cuarto pilar do desenvolvemento, xunto coa economía, a sociedade e o medio natural. Algúns autores corrixen, con razón, que é o máis débil dos catro, e que por ese motivo precisa dun maior esforzo lexitimador, de argumentar con máis énfase as bondades do investimento público en cultura. Como ben subliñan Lluís Bonet e Emmanuel Négrier (2011):

O campo de intervención cultural e os paradigmas que dirixen as súas políticas, así como os beneficiarios das mesmas, son moito máis etéreos (baseados nas externalidades) e de impacto directo máis reducido ou a longo prazo que o doutras políticas sociais, como a sanidade, educación e servizos sociais, que teñen un carácter moito máis universal (bens públicos). Esta é a razón pola que as políticas culturais teñen unha maior necesidade de lexitimación; situación especialmente patente en momentos de recorte orzamentario.

Xa dispoñemos de evidencias científicas (Pau Rausell) que demostran que os territorios que posúen industrias culturais e creativas máis puxantes presentan maiores taxas de crecemento económico. E ao parecer non é unha simple correlación (algo lóxico en termos intuitivos) senón que o vínculo é causal: se medra o primeiro elemento, medra o segundo. A cultura, como a propia ciencia, son un factor de prosperidade nunha economía de servizos cada vez máis baseada no coñecemento e na creatividade.

Aínda así, é razoable pensar que, ante a emerxencia da crise e o seu estorcedor impacto social, os responsables políticos vexan a cultura como un gasto prescindible e non como unha oportunidade. Até aí todo ben. Porén, cabe a sospeita de que no caso español non se trate dunha simple decisión aséptica e pragmática. O entusiasmo da dereita política chapodando os orzamentos públicos en cultura insinúa certo grao de resentimento e vinganza, e de aí a inane (pero fortemente simbólica) medida do incremento do IVE nalgunhas actividades culturais. Por certo, cualificámola de inane porque algúns destacados economistas da cultura afirman que esa medida non produciu grandes efectos, nin na destrución de tecido cultural nin nos ingresos da facenda pública española.

A hostilidade entre a dereita española e o sector cultural vén de vello e foise actualizando nas últimas décadas. Unha confrontación alimentada por ambas as partes. A liturxia dos intelectuais comprometidos *abaixoasinantes* permitiu afianzar entre os dirixentes e partidarios do PP a imaxe da cultura como inimigo político, ou polo menos como bolsa de votos inexpugnable. Por suposto hai mil excepcións, tanto militantes de dereitas amantes da cultura como artistas conservadores, pero ese imaxinario foi callando de tal forma que hoxe o Partido Popular no mellor dos casos ignora, desatende ou non considera o sector cultural. E o mesmo sucede en Galicia, só que aquí o fenómeno é máis recente. Nunca en trinta e cinco anos de autonomía política a Xunta de Galicia se permitira desprezar con tal displicencia o galeguismo cultural, e, por extensión, o conxunto da cultura galega. Sinal, quizais, da fraqueza do sector, unha fraqueza que provén en parte da endogamia, da desunión e da inercia clientelar que denunciamos liñas atrás.

Noutros países non é así. En Francia, Inglaterra ou os Estados Unidos, aínda que persisten reticencias históricas entre as artes e o diñeiro, existe unha poderosa burguesía cultural, propietaria de grandes empresas multinacionais, que impide que os políticos esquezan os seus asuntos cando desean a axenda de prioridades. Alí si teñen política cultural. Outra cousa é a orientación e o enfoque ideolóxico desa política. Nas últimas décadas distinguimos en termos teóricos entre unha tradición anglosaxoa de corte máis liberal e unha tradición francesa (ou continental) máis social e cun maior peso do Estado. É certo que, na práctica, esas diferenzas fóronse esvaecendo, e que agora as propostas son moito máis híbridas e a casuística máis plural. Con todo, aínda hoxe un economista liberal cuestionará, en coherencia co seu ideario, que o Estado interfira na cultura, ou polo menos tenderá a propor límites a esa intervención. O noso punto de vista é ben distinto. Cremos, con Pau Rausell, que o mercado puro non asigna de forma eficiente recursos á creación, á pluralidade e á formación, porque a escasa demanda dificulta a viabilidade económica das expresións culturais minoritarias, e porque os potenciais receptores de formación non son conscientes das súas carencias. De feito, no artigo 11 da Declaración Universal sobre a Diversidade Cultural (UNESCO, 2002) indícase que:

As forzas do mercado por si soas non poden garantir a preservación e promoción da diversidade

de cultural, condición dun desenvolvemento humano sustentable. Desde este punto de vista, convén fortalecer a función primordial das políticas públicas, en asociación co sector privado e a sociedade civil.

Con todo, por suposto respectamos a visión liberal cando esta é argumentada sen sectarismo, e mesmo pensamos que algunha das súas propostas deberan ser aplicadas entre nós. Un dos exemplos máis citados é o do Arts Council, un organismo creado en Inglaterra en 1946 para a concesión de axudas a artistas, e que se rexe polo principio do “arm’s length”, é dicir, dun brazo de distancia entre o Estado e o beneficiario. Na decisión da repartición de subvencións participan membros dos sectores culturais xunto con expertos independentes, pero nunca representantes políticos. Dese xeito evítase que os partidos políticos cultiven a súa propia clientela artística. Unha solución similar foi adoptada en 2009 en Cataluña, coa constitución do CoNCA, o Consello Nacional da Cultura e das Artes. En Galicia segue a primar a discrecionalidade (modulada por consellos asesores) e a intervención directa. Como xa vimos, ser ti quen concede as axudas ou quen organiza as actividades dáche réditos políticos.

En calquera caso, cremos que é unha pésima noticia que un partido de Goberno faga abandono de funcións neste asunto. Nos últimos oito anos de goberno conservador só lembramos unha lei relevante (Lei Valentín Paz-Andrade), algunha lexislación rutineira e unha intervención de calado (Cidade da Cultura de Galicia). Mesmo no espíñento asunto do Gaiás, vemos como se está a achicar a súa dimensión cultural en favor da emprendedora e tecnolóxica, desdebuxando o seu papel potencial no sistema cultural do país. Tamén cabe situar no haber deste Goberno certos avances na provisión de postos directivos en institucións culturais mediante concursos sustentados no mérito e a capacidade. Polo demais, ningunha idea forza, nin unha soa fórmula imaxinativa, nada memorable, só a simple administración dos recortes e a decadencia. Precisamos un interlocutor na dereita do arco parlamentario que lidere ou se comprometa a acordos de política cultural a medio e longo prazo, á marxe dos ciclos electorais, e non unha Penélope que se limita a bocexar mentres destece o que outros teceron.

Se as e os dirixentes do PP precisasen exemplos máis próximos que os indicados, e se aceptasen o noso consello, suxeriríámoslles que visitasen os municipios portugueses de Santa Maria da

Feira e de Tondela, dúas boas prácticas en políticas culturais e ambos gobernados desde o albor da democracia polo PSD (centro-dereita). E, xa de paso, aproveitando a viaxe, tamén lles recomendaríamos que fixesen unha parada técnica en Guimarães, outra magnífica experiencia, neste caso impulsada baixo gobernos do PS (centro-esquerda).

En datas recentes, a Consellería de Cultura vén de anunciar a elaboración dun documento titulado “Estratexia da cultura galega 2021”. A omisión da palabra “plan” xa semella anunciar unha rebaixa no grao de concreción do que aí resulte. Con todo, aplaudimos a iniciativa e desexámoslle o maior dos éxitos. Só agardamos que o proceso estea rexido polo rigor metodolóxico e non se trate dun simulacro que queime o terreo por anos e desmoralice os participantes. Que a resignación e o escepticismo non venzan a esperanza.

Que facer?

O sector cultural atravesamos en Galicia e Europa a súa enésima crise, nesta ocasión máis aguda ca outras anteriores pola concorrencia de canto menos dous factores. Por unha parte, a chamada revolución dixital, que desbaratou os modelos de negocio das vellas industrias culturais, en particular da fonográfica e do cinema, ademais de modificar os procesos de creación, produción e consumo cultural cara a fórmulas máis colaborativas. Por outra, a crise económica, que implicou un brusco descenso nos orzamentos públicos de cultura, a contracción nas partidas de patrocinio cultural das empresas e a caída dos consumos culturais da poboación. Segundo os nosos cálculos, en 2014 circulaban polo sistema cultural galego cincocentos millóns de euros menos que ao inicio da crise. Esa mingua de recursos trouxo emparellada a minoración do sector cultural, cunha perda de entre sete mil e doce mil empregos, segundo a anualidade, ademais dunha intensificación na precariedade laboral conxénita do sector.

Porén, o novo escenario non se caracteriza só polo encollemento cuantitativo, senón polos retos cualitativos que presenta, de cambio de paradigma. A dobre crise que acabamos de mencionar conduciu a unha especie de reconversión sectorial que esixe novas formas de traballar a cultura. No espazo cultural europeo estase a xeneralizar un novo modelo menos dependente do financiamento público, e que obriga a unha maior diversificación de recursos, a unha maior

énfase no traballo cooperativo, á incorporación ineludible das novas tecnoloxías e a unha maior implicación dos públicos.

O conxunto do sistema cultural galego debe prepararse para este desafío, a comezar polas Administracións públicas, en tanto que axentes centrais dese sistema, pero tamén incluíndo os restantes axentes privados e sociais. Noutro lugar diciamos que no actual contexto “a responsabilidade primordial das Administracións públicas debera facilitar o tránsito cara ao novo modelo, acompañar os axentes culturais na mudanza, proverlos de ferramentas e coñecementos para reciclarse no novo escenario, e así garantir unha aterraxe suave, o menos traumática posible”.

Pois ben, ao noso xuízo, esa reorientación das políticas culturais debera pasar por unha batería integral de medidas que atendan o tecido empresarial e profesional, o asociacionismo cultural, o conxunto da cidadanía e a reformulación do papel do sector público.

No tocante ás empresas, os profesionais e os artistas, pensamos que cumpriría:

- Fomentar a economía social entre os profesionais do sector.
- Facilitar a colaboración entre empresas culturais para acometer proxectos de maior dimensión, impacto social e proxección exterior.
- Garantir a concorrència competitiva no acceso a postos de dirección de espazos culturais públicos, primando o mérito e a calidade dos proxectos presentados, e ofrecendo remuneracións dignas.
- Mediar con entidades financeiras para facilitar a concesión de préstamos a empresas.
- Favorecer o investimento privado en cultura mediante exencións fiscais.
- Propiciar a colaboración comercial entre empresas culturais e doutros sectores.
- Protexer os artistas cun novo réxime laboral e marco de cotización.
- Potenciar a conexión con axentes e operadores internacionais.

No que respecta ao papel que xogan as Administracións públicas no mercado cultural, cremos que sería necesario:

- Impulsar a elaboración de plans e programas culturais participados pola cidadanía e os axentes da cultura.
- Racionalizar a rede de equipamentos culturais e xerarquizar territorialmente os seus usos e programacións.

- Rematar coa gratuidade xeneralizada na oferta cultural pública, empregando prezos políticos naqueles casos en que a finalidade sociocultural o xustifique.
- Reducir paulatinamente a oferta pública de programación comercial que supoña competencia desleal para outros axentes.

E, na esfera sociocultural, entendemos que sería imprescindible:

- Incrementar a contratación de profesionais dedicados ao labor sociocultural de proximidade, en especial no ámbito rural e nos barrios periféricos das cidades.
- Deseñar novas políticas orientadas á protección da diversidade cultural e ao fomento da cohesión social.
- Ampliar as canles de colaboración co tecido asociativo e coas agrupacións amadoras, facilitando a coexistión dos espazos públicos culturais de proximidade e promovendo a mutualización de recursos.
- Ofertar un ambicioso programa de formación, en clave profesionalizante.
- E, por suposto, “traballar a canteira”, o que debera ser a súa misión principal, mediante iniciativas que conxuguen a cultura e a educación, en todas as franxas de idade e nos diferentes segmentos de poboación.

Obviamente estas recomendacións de política cultural non obstan para que os axentes sociais e privados deban acometer cambios profundos nas súas formas de facer e nos seus modelos de negocio para adaptarse aos tempos, pero o rol preponderante das Administracións públicas fai que calquera movemento seu provoque unha mudanza nas regras do xogo e un reposicionamento dos restantes xogadores.

A capacidade tractora do poder político, sumada a unha intensa renovación do tecido cultural, permitirá que o ecosistema cultural galego estimule a creatividade cidadá, incentive o talento, xere prosperidade, reforce a nosa identidade e contribúa á cohesión social. Cousas todas que vén recomendando a UNESCO desde 1982 (hai 35 anos!) a partir da célebre Conferencia Mundial de México sobre as Políticas Culturais - Mondiacult ■

Bibliografía

- Bonet, Lluís; Négrier, Emmanuel (2011). "La tensión estandarización-diferenciación en las políticas culturales. El caso de España y Francia". *GAPP. Revista Gestión y Análisis de Políticas Públicas* 6, pp. 53-73.
<https://revistasonline.inap.es/index.php?journal=GAPP&page=article&op=view&path%5B%5D=9946&path%5B%5D=10242>
- Bouzada, Xan (2001). "As políticas culturais na España actual. Acerca dalgúns retos e dilemas político-culturais do Estado autonómico". *GRIAL* 149, pp. 83-102.
- (2008). "Políticas culturais e desenvolvemento socioeconómico. Algunhas anotacións sobre a situación galega". *RIPS* 3, vol. 7, pp. 31-54.
<https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/8333/04.rips7-1.pdf?sequence=1&isAllowed=y>
- Bouzada, Xan (Dir.); Fernández, Mercedes; Valverde, Miguel (2007). *As políticas culturais nas sete principais cidades galegas*. Consello da Cultura Galega. Observatorio da Cultura Galega.
<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=111>
- Hawkes, Jon (2001). *The Fourth Pillar of Sustainability: culture's essential role in public planning*. Cultural Development Network.
[http://www.culturaldevelopment.net.au/community/Downloads/HawkesJon\(2001\)TheFourthPillarOfSustainability.pdf](http://www.culturaldevelopment.net.au/community/Downloads/HawkesJon(2001)TheFourthPillarOfSustainability.pdf)
- Lage, Xesús; Losada, Antón; Gómez, Marta (2012). "La política cultural en la comunidad autónoma gallega: de la dependencia a la autonomía". *RIPS* 3, Vol. 11, pp. 115-148.
<http://www.usc.es/revistas/index.php/rips/article/view/1021/954>
- Lorenzo, Marcos (2010). "O sector cultural en Galicia: entre a penuria das políticas e a adolescencia dos mercados", en *Informe Galicia 2010*, (Atlántica de Información e Comunicación, pp. 277-302.
<https://enser.es.files.wordpress.com/2013/09/cultura-informe-galicia-2010.pdf>
- (2012). "Contexto e dinámica cultural de Galicia". *GRIAL* 194, pp. 137-143.
<https://enser.es.files.wordpress.com/2013/09/12-1-marcos-lorenzo-grial-194.pdf>
- (2015). "Por unha nova política cultural en Galicia", en xornal dixital *Praza Pública*.
<http://praza.gal/opinion/2350/por-unha-nova-politica-cultural-en-galicia/>
- (2016). "Canto pesa a cultura?" *Luzes* 30, pp. 16-22.
https://enser.es.files.wordpress.com/2013/09/canto-pesa-a-cultura_luzes.pdf
- (2017). "O perímetro da cultura galega", en xornal dixital *Praza Pública*: <http://praza.gal/opinion/3795/o-perimetro-da-cultura-galega/>
- Miralles, Eduard; *Políticas culturales* (OEI):
http://www.oei.es/historico/cultura/politicas_culturales.htm
- Pose, Héctor (2006). *La cultura en las ciudades. Un quehacer cívico-social*. Editorial Graó.
- Pose, Héctor; Pérez Rúa, Manuel (2008). "La acción cultural pública en Galicia: entre la definición y la precariedad", en *Planificación estratégica de la cultura en España*. Fundación Autor, pp. 205-226.
- Pose, Héctor; Valdemoro, María de los Ángeles; Varela, Laura (2016). "Educando en cultura: Fantasiarte como buena práctica", en *Actas do IV Congreso Iberoamericano de Pedagogía Social*. Universidad Autónoma de Puebla (México), pp. 412-419.
<https://drive.google.com/file/d/0BzEw8Pa2Q4RNUENHdH-RubXdIYzQ/view>
- Rausell, Pau. *Poder y cultura. El origen de las políticas culturales*: <http://www.econcult.eu/wp-content/uploads/2015/09/Poder-Cultura.pdf>
- (2016). "Políticas culturales locales y autonómicas", en *Informe sobre el estado de la cultura en España*. Fundación Alternativas, pp. 72-94.
<http://www.econcult.eu/wp-content/uploads/2016/04/P%C3%A1ginas-desdeI.Cultura-tripas-2.pdf>
- Rodríguez Morató, Arturo (2012). "El análisis de la política cultural en perspectiva sociológica. Claves introductorias al estudio de caso español". *RIPS* 3, Vol. 11, pp. 15-38.
<http://www.usc.es/revistas/index.php/rips/article/view/1017/951>
- VV. AA. (1982). *Conferencia Mundial de México sobre las Políticas Culturales – Mondiacult*. UNESCO.
<http://unesdoc.unesco.org/images/0005/000525/052505sb.pdf>
- VV.AA. (2002). *Declaración Universal sobre la Diversidad Cultural*. UNESCO.
<http://unesdoc.unesco.org/images/0012/001271/127162s.pdf>
- VV. AA. (2004). *Agenda 21 de la Cultura. Un compromiso de las ciudades y los gobiernos locales para el desarrollo cultural*. CGLU. Ciudades e Gobiernos Locais Unidos.
<http://femp.femp.es/files/566-58-archivo/Agenda%2021%20de%20la%20Cultura.pdf>
- VV. AA. (2009). *Guía para la evaluación de las políticas culturales locales*. FEMP. Federación Española de Municipios y Provincias.
http://femp.femp.es/files/566-762-archivo/Gu%C3%ADa_indicadores%20final.pdf
- VV. AA. (2009 a 2016). *Anuario de Estadísticas Culturales*. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.
- VV. AA. (2011). *Política cultural 2011 - 2016*. Consejo Nacional de la Cultura y las Artes (Chile).
http://www.cultura.gob.cl/wp-content/uploads/2011/11/politica_cultural_2011_2016.pdf
- VV. AA. (2016). *O sistema produtivo da cultura*. Observatorio da Cultura Galega.
<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=3841>
- Zurita, Matías (dir.) (2012). *Los estados de la cultura. Estudio sobre la institucionalidad cultural pública en los países del SIC-SUR*. Consejo Nacional de la Cultura y las Artes (Chile).
http://cultura.mec.gub.uy/innovaportal/file/52631/1/los_estadosdelacultura.pdf